



nocimiento de la situación de dependencia, o no las asista el derecho de acceso efectivo al catálogo de servicios de atención a la dependencia, según el calendario de implantación que se establece en la Ley 39/2006, se aplicará la siguiente tabla que regula una progresiva participación económica en el coste del servicio con base en el cálculo de la capacidad económica per cápita, de acuerdo con lo establecido en esta ordenanza.

3.2- Tabla de copago para personas usuarios del servicio de ayuda en el hogar como prestación básica libre concurrencia.

Capacidad económica; participación en el coste del servicio de ayuda SAF básico

Menor del 0,80% IPREM; 0%

Mayor de 0,80% e menor o igual a 1,50 IPREM; 20%

Mayor del 1,50 y menor o igual a 2,00 del IPREM; 35%

Mayor del 2,00 y menor o igual a 2,50 del IPREM; 55%

Mayor de 2,50 del IPREM; 75%

* Aplicada sobre un coste de 12 €/hora. Por lo tanto, si el servicio no se encuadra dentro de esta margen de horas mensuales, se aplicaría el porcentaje de la misma manera según las horas mensuales prestadas.

3.3- Sin perjuicio de lo anterior, podrán establecerse excepción a los criterios generales del referido copago en los casos en que la situación causante de la aplicación del servicio de ayuda en el hogar sea una problemática de desestructuración familiar, exclusión social o pobreza infantil, circunstancia que deberá estar debidamente justificada en el correspondiente informe social.

3.4.- En cualquier caso, se establecerá un límite máximo de participación económica de las personas usuarias del 40% de su capacidad económica.

4.- Importe de la tasa

El importe por hora del servicio será revisable anualmente y de forma automática según el índice de precios al consumo que fije el Gobierno.

Para este año 2013 el importe por hora será de 12 €.

La presente ordenanza aprobada por el Pleno de la Corporación deroga la normativa municipal comenzará a aplicarse a partir de su publicación en el Boletín Oficial de la Provincia de Ourense, y se aplicará mientras no se acuerde su derogación o modificación.

Contra el presente acuerdo, podrá interponerse un recurso contencioso-administrativo, ante la Sala de lo Contencioso-Administrativo del Tribunal Superior de Justicia de Galicia, en el plazo de dos meses contados desde el día siguiente a la publicación del presente anuncio, de conformidad con el artículo 46 de la Ley 29/1998, de 13 de julio, de la Jurisdicción Contencioso-Administrativa.

Lobios, 25 de noviembre de 2013. La alcaldesa.

Fdo.: María del Carmen Yáñez Salgado.

R. 4.695

Lobios

Anuncio de aprobación definitiva

Ao non presentaren reclamacións durante o prazo de exposición ao público, queda automaticamente elevado a definitivo o acordo plenario inicial aprobatorio da Ordenanza fiscal reguladora da taxa por uso e prestación de servizos nas instalacións deportivas, cuxo texto íntegro se publica, para xeral coñecemento e en cumprimento do disposto no artigo 70.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local.

Ordenanza fiscal reguladora da taxa por uso e prestación de servizos nas instalacións deportivas municipais

Artigo 1º.- Fundamento e natureza

No uso das facultades concedidas polos artigos 4 e 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 ao 19 da Lei reguladora das facendas locais (texto refundido aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo), este concello establece a taxa pola prestación de servizos de instalacións deportivas que se rexerá por esta ordenanza fiscal, cuxas normas atenden ao establecido nos artigos 20 e seguintes da citada Lei reguladora das facendas locais.

Artigo 2º.- Feito imponible

Constitúe o obxecto ou feito imponible desta exacción a utilización das instalacións deportivas municipais e a prestación dos servizos promovidos polo concello nas devanditas instalacións deportivas.

A utilización das instalacións deportivas municipais será libre e permitida a todos os cidadáns sen prexuízo de que poidan establecerse, ocasionalmente, restricións en función da capacidade das instalacións, como consecuencia das actividades e programas deportivos que determinen os órganos xestores do concello.

Artigo 3º.- Suxeitos pasivos

Son suxeitos pasivos da taxa as persoas físicas e xurídicas, así como as entidades a que se refire o artigo 35 da Lei xeral tributaria, que soliciten ou resulten beneficiadas ou afectadas pola prestación dos diferentes servizos ou actividades do Concello de Lobios nas súas instalacións deportivas.

Artigo 4º.- Aplicación das taxas

As taxas aplicaranse cando se inicie a prestación do servizo ou a utilización do dominio público, mediante a solicitude de prestación ou de acceso ás instalacións.

Artigo 5º.- Exencións

Estará exento do pagamento da taxa o uso do pavillón polideportivo por parte do CEIP do Xurés do Concello de Lobios.

Artigo 6º.- Normas de xestión

O pagamento das cotas establecidas no anexo I desta ordenanza realizarase nas propias instalacións deportivas municipais ou, de ser o caso, mediante ingreso nas contas habilitadas para o efecto en entidades colaboradoras autorizadas polo concello, sempre con carácter previo ao comezo do uso das instalacións ou á prestación dos servizos correspondentes.

Para o suposto de actividades que teñan un carácter continuado, o ingreso das cotas establecidas realizarase no momento de darse de alta e nas sucesivas renovacións. Nestes casos, a renuncia á utilización das instalacións non outorgará dereito ningún de devolución do importe das taxas aboadas.

As normas de xestión a que se refire este capítulo terán carácter supletorio cando existan convenios de colaboración con entidades ou institucións co fin de simplificar o cumprimento das obrigacións formais e materiais derivadas da taxa ou os procedementos de liquidación ou recadación.

Artigo 7º.- Normas complementarias

As tarifas establecidas correspóndense con cada un dos servizos ou utilizacións que nelas se contemplan e o ingreso da taxa faculta ao usuario ao goce das instalacións complementarias, como duchas, vestiarios, etcétera, aínda que, con carácter xeral, cada unha das actividades, servizos ou usos que se presen ou autoricen e que se relacionan no antecedente das tarifas é independente en si mesma, e o goce simultáneo de dous ou máis dará lugar á exacción das taxas correspondentes a cada unha delas.

O persoal encargado poderá esixirle ao usuario a exhibición dos documentos que acrediten o ingreso das taxas mentres o interesado permaneza no interior do recinto e, en todo caso, antes de permitir o acceso ás instalacións.

Os gastos de persoal de servizos varios (acomodadores, vixilantes, electricistas, persoal de limpeza, etcétera) tendo en conta a categoría da actuación que se realice, sumarase ás tarifas establecidas se os organizadores demandasen que os traballos os fíxese o persoal da instalación.

O uso de determinadas instalacións complementarias pode esixir a prestación dunha fianza ou depósito, en cantidade non superior a 3.000,00 €, que en ningún caso terá a natureza de taxa e seralle reintegrada ao usuario ao finalizar a prestación.

O concello poderá concertar para o desenvolvemento de programas deportivos convenios ou concertos con clubs, asociacións, federacións, entidades ou organismos que promoven o deporte, coas contraprestacións que se especifican nos devanditos convenios, para os efectos de que poidan beneficiarse dunha maior operatividade no seu funcionamento.

Igualmente, poderán realizarse convenios con fins distintos dos deportivos, é dicir, para actividades artísticas e culturais con aquelas sociedades que teñan estas finalidades nos seus estatutos.

Tamén poderá concertarse con persoas físicas e xurídicas a cesión das instalacións para actuacións determinadas, nas condicións que sinala o concello e realizándose as mencionadas actuacións baixo a exclusiva responsabilidade das persoas contratantes.

Así mesmo, a realización de actos, eventos ou espectáculos públicos nas instalacións deportivas municipais requirirá a autorización expresa do concello, na que se determinarán as condicións de uso e tempo de utilización, así como a fixación do canon que lle corresponda aboar ao solicitante atendendo ás circunstancias concorrentes.

Artigo 8º. Infraccións e sancións

Constitúen infraccións:

- A produción de danos ou deterioracións que se ocasionen nas instalacións deportivas ou de recreo.
- A alteración da orde no interior do recinto.
- A utilización de instalacións deportivas ou de recreo para fins distintos aos previstos na súa autorización.
- Incumprimento das normas de uso das instalacións, así como das instrucións ditadas polo persoal delas.
- Calquera outro incumprimento das obrigacións contraídas ao obter a autorización.

Para a gradación das infraccións reguladas no apartado anterior haberá que aterse á clasificación contida na Lei 7/1985, do 2 de abril, na súa redacción dada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, dependendo da intencionalidade ou negligencia do infractor e da gravidade da infracción cometida. As devanditas infraccións levarán aparelladas multas en contía cuxos límites fixa o artigo 141 da mencionada lei.

A infracción regulada no apartado a) deste artigo dará lugar á obrigación de reintegro do custo total de reparación ou reconstrución, ademais da multa correspondente, así como a imposibilidade de utilizar calquera instalación deportiva municipal durante un ano desde a comisión da infracción.

Se os danos fosen irreparables, a indemnización a que se refire o parágrafo anterior consistirá nunha suma de diñeiro igual ao valor dos bens destruídos ou ao importe da deterioración dos danados de forma irreparable.

Artigo 9º.- Disposición final

A ordenanza fiscal entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e será de aplicación a partir do día seguinte ao da súa publicación, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

Anexo I

As tarifas para aplicar serán as seguintes:

- Alugueiro de pista para actividades deportivas (por hora ou fracción):
 - Empadroados no concello
 - Pista completa: 10,00 €.
 - Media pista: 7,00 €.
 - Non empadroados no concello
 - Pista completa: 15,00 €.
 - Media pista: 8,00 €.
- Espectáculos deportivos:
 - Pista completa: 500,00 €.
- Festivais e actos deportivos organizados por colexios e institucións culturais e recreativas:
 - Por acto: 150,00 €.
 - Por xornada: 300,00 €.
- Actos, exposicións e actividades alleas ao deporte:
 - Por acto ou xornada: 300,00 €.
- Festivais e espectáculos artísticos de carácter profesional:
 - Por acto ou xornada: 1.000,00 €.

Contra este acordo poderá interpoñerse un recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, contados dende o día seguinte á publicación deste anuncio, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa.

Lobios, 25 de novembro de 2013. A alcaldesa.

Asdo.: María del Carmen Yáñez Salgado.

Anuncio de aprobación definitiva

Al no presentarse reclamaciones durante el plazo de exposición al público, queda automáticamente elevado a definitivo el acuerdo plenario inicial aprobatorio de la Ordenanza Fiscal Reguladora de la Tasa por Uso y Prestación de Servicios en las Instalaciones Deportivas, cuyo texto íntegro se publica, para general conocimiento y en cumplimiento de lo dispuesto en el artículo 70.2 de la Ley 7/1985, de 2 de abril, de Bases del Régimen Local.

Ordenanza Fiscal Reguladora de la Tasa por Uso y Prestación de Servicios en las Instalaciones Deportivas Municipales

Artículo 1º.- Fundamento y naturaleza

En uso de las facultades concedidas por los artículos 4 y 106 de la Ley 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de las Bases del Régimen Local, y de conformidad con lo dispuesto en los artículos 15 a 19 de la Ley Reguladora de las Haciendas Locales (texto refundido aprobado por el Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo), este ayuntamiento establece la tasa por la prestación de servicios de instalaciones deportivas que se regirá por esta ordenanza fiscal, cuyas normas atienden a lo establecido en los artículos 20 y siguientes de la citada Ley Reguladora de las Haciendas Locales.

Artículo 2º.- Hecho imponible

Constituye el objeto o hecho imponible de esta exacción la utilización de las instalaciones deportivas municipales y la prestación de los servicios promovidos por el ayuntamiento en dichas instalaciones deportivas.

La utilización de las instalaciones deportivas municipales será libre y permitida a todos los ciudadanos sin perjuicio de que puedan establecerse, ocasionalmente, restricciones en función de la capacidad de las instalaciones, como consecuencia de las actividades y programas deportivos que determinen los órganos gestores del ayuntamiento.

Artículo 3º.- Sujetos pasivos

Son sujetos pasivos de la tasa las personas físicas y jurídicas, así como las entidades a que se refiere el artículo 35 de la Ley